

Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 32

ano 5

xaneiro-febreiro 2011

Os arquivos municipais (I)

O día cinco de outubro de 1835, na capela das casas consistoriais de Ourense, don Juan Andrade Yañez, derradeiro **corrixidor** da cidade, recibía xuramento do primeiro **alcalde-presidente** do Concello, don José M^a. Montenegro, marqués de Leis, así como do resto da nova corporación municipal nomeada polo gobernador civil da provincia. Pouco despois era creada a **Deputación Provincial** e o marqués de Leis deixaba a alcaldía para ocupar a presidencia desta institución.


Co xuramento da nova corporación dábase cumprimento ao *Real Decreto de 23 de xullo de 1835* que puña fin aos vellos órganos do goberno local do **Antigo Réxime** e ordenaba a constitución de novos concellos segundo os criterios uniformadores e centralistas inspirados polo liberalismo político. Para o poder local supuña o fin dunha era con raíces na Idade Media e o nacemento doutra na que a articulación territorial do Estado se organizaría a partir de municipios e provincias. Esta nova forma de ordenar o territorio tería reflexo nos seus correspondentes órganos políticos: **concellos e deputacións provinciais**.

O xuramento quedou rexistrado no **libro de acordos** de 1835, ao igual que se facía desde a baixa Idade Media con todos os actos da corporación. Estes libros, que tamén recibiron o nome de **libros de actas**, de rexemento ou de cabido, constitúen a serie documental máis importante dun arquivo municipal e representan, mellor que ningunha outra serie, a continuidade institucional da Administración local dende a Idade Media, malia todas as transformacións sufridas polos municipios dende entón.

O libro de acordos máis antigo do Concello de Ourense data de **1432**. A pesar dos cambios experimentados por esta tipoloxía documental dende aquela data, pode dicirse que é continuada polos actuais libros de actas municipais. Teríamos, polo tanto, unha longa serie con 580 anos, unha das máis antigas e completas da Península Ibérica. Dende a Idade Moderna as actas presentan unha estrutura interna que se vai manter ata a actualidade: data e lugar de celebración da sesión, nome dos asistentes, asuntos tratados e sinatura dos asistentes, entre elas a do escribán (secretario municipal desde o século XIX) que dá fe pública da autenticidade do contido de cada acta.

Todos os asuntos e protagonistas da **vida da cidade**

aparecen nos libros de actas municipais: a economía urbana, a fiscalidade, os distintos grupos sociais, a evolución demográfica, as obras que van definindo o trazado urbano, e un longo etcétera. Son, en definitiva, unha fonte imprescindible para reconstruír a **historia local**. Por iso, a mediados do século XX, o Concello de Ourense considerou oportuno depositalos, xunto coa restante documentación histórica, no Arquivo Histórico Provincial co fin de facilitar o acceso dos investigadores e dos cidadáns en xeral a un dos fondos municipais máis interesantes da Península Ibérica.



1835, outubro, 5. Ourense

Acta da xura da nova corporación municipal de 1835.

Libro de acordos do Concello de Ourense de 1835

Papel, escritura humanística; castelán; 205 x 310 mm.

AHPOu, Concello de Ourense, Libro 151, fol 56 r.

Breve historia dos concellos

Entre 1833 e 1835 o **Reino de España** reorganizouse territorialmente en 49 provincias e cada unha delas nun número variable de concellos que, na súa maioría e con pequenas variacións, perduraron ata hoxe. **Gali-**
cia foi dividida en catro provincias e, entre 1835 e 1836, constituíronse os novos concellos por agregación de parroquias, con anterioridade agrupadas maioritariamente en **xurisdicións señoriais**. Isto supuxo a extensión do réxime municipal á totalidade do territorio galego, ata entón unha organización político-administrativa con débil implantación no noroeste peninsular debido ao seu **escaso grao de urbanización** e á fortaleza do poder señorial.



Sinaturas da corporación e do secretario municipal de Ourense na acta do xuramento do 5 de outubro de 1835.

Malia iso, as escasas vilas e cidades galegas foran reixidas por concellos desde a **Idade Media**, moitos dos cales xurdiran como instancias autónomas de poder coincidindo co renacemento urbano do século XII. Inicialmente, o goberno urbano era exercido asembleariamente polo conxunto da comunidade veciñal, pero ao longo dos séculos XIII-XIV o poder municipal foi acaparado por certos cargos públicos (homes bos, rexedores ...) ocupados por membros das elites locais.

Durante a **Idade Moderna** (séculos XVI-XVIII), ao tempo que se avanzaba no recorte da autonomía municipal iniciado na baixa Idade Media, afondábase no proceso de oligarquización. Moitos cargos de rexedor convertéronse en patrimonio das elites locais, de xeito que podían transmitirse de pais a fillos, venderse ou comprarse.

A instauración do **Estado Liberal** na década dos anos trinta do século XIX supuxo a transformación substancial dos concellos a partir de criterios de centralización e racionalización administrativa. Aplicóuselles unha lexislación común que os uniformou organizativa e competencialmente, a súa autonomía política e económica restrinxíuse drasticamente e boa parte das súas competencias e recursos foron transferidos á Administración central e ás deputacións. Tamén viron como se abolía a patrimonialización dos cargos e os oficios municipais perpetuos, de xeito que desde entón as corporacións pasaron a estar integradas por un número va-

riable de concelleiros electos en votación popular, presididos por un alcalde que, segundo as épocas, foi nomeado polo goberno ou elixido polos veciños.

A vida municipal dos **séculos XIX e XX** foi reflexo das turbulencias políticas deste período, e de aí a cantidade de reformas e contrarreformas que oscilaron, as máis delas, entre a ampliación e o recorte da independencia municipal respecto do poder central. Paradoxalmente, os concellos acadaron un alto grao de autonomía durante a Ditadura de Primo de Rivera (1923-1930) en virtude do **Estatuto Municipal de 1924**, parcialmente en vigor durante a II República (1931-1939), autonomía cortada de raíz pola Ditadura de Franco (1936-1975). Finalmente, a **Constitución de 1978**, que reinstaurou a democracia e implantou o Estado das Autonomías, devolveu aos municipios un amplo marxe de independencia e abriu unha etapa na que a Administración local vén desenvolvendo un papel fundamental na xestión dos asuntos públicos.

O valor dos arquivos municipais

No Arquivo Histórico Provincial de Ourense custódiense varios destes fondos, entre os que destacan os de **Ourense e Ribadavia** polo seu volume, marco cronolóxico (1353-1953) e calidade informativa dos seus documentos. A través deles pódese coñecer o funcionamento dos **órganos do municipio** ou as estratexias políticas dos seus membros; pero ademais, a documentación municipal permite achegarse aos máis variados **aspectos da vida urbana**.

Un repaso a algunhas das numerosas **competencias** que recaeron nos concellos ao longo da Historia, é suficiente para decatármonos da cantidade de vías de investigación histórica que se nos abren ante un fondo municipal. Durante as idades Media e Moderna esas competencias eran moito máis amplas que na actualidade. Un bo número delas consérvanas aínda hoxe (capacidade normativa para regular a vida económica, abastos, feiras e mercados, limpeza e protección da salubridade públicas, subministración de auga, urbanismo e obras públicas ...), pero dende a fin do Antigo Réxime moitas atribucións pasaron a compartirse coa Administración central ou provincial (educación, sanidade, orde pública, asistencia social...) e coa autónoma dende finais do século XX, ou ben foron asumidas en exclusividade pola primeira (administración de xustiza, alistamento de tropas, fortificacións...).

En definitiva, os arquivos municipais naceron e creceron ao compás da vida de vilas e cidades e son testemuños do pasado da comunidade veciñal. Pero o **valor histórico** da documentación antiga non debe levarnos a esquecer o **valor administrativo** destes arquivos e o inestimable servizo que prestan aos concellos e aos cidadáns.